



GUÍA PARA CUBRIR A SOLICITUDE:

1.- O formulario de solicitude atoparase a partir do menú “2. Solicitar axuda”.

2.- A solicitude deberá ser asinada pola persoa representante (pai, nai, titor/a) do/a alumno/a, excepto no caso de que o/a alumno/a sexa maior de idade.

3.- “Enderezo para efectos de notificación”: os solicitantes terán que cubrir os datos correspondentes a “datos para efectos de notificación”. Disporán dun botón no formulario para copiar neste apartado os datos do enderezo e teléfonos da persoa solicitante (alumno/a), no caso de que sexan os mesmos.

Ao final de este formulario terán dúas opcións:

- “imprimir para entrega por Rexistro Oficial”: abríranse DOUS documentos independentes en formato de Adobe Acrobat (*.pdf), correspondente aos anexos I e II, que a/s persoa/s interesada/s deberá/n imprimir e asinar antes da súa remisión co resto da documentación. **Débese ter en conta que a solicitude non se considera recibida** cotrámite de gravación na aplicación, senón unha vez efectuado o trámite de presentación, presencialmente, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Presentación telemática en Sede Electrónica a partir da aplicación. A solicitude será gravada na aplicación **pero só se considerará presentada a través da súa sinatura a través de Sede Electrónica (sede.xunta.gal) mediante certificado dixital ou Chave365. Lembre anexar a esta solicitude os arquivos correspondentes ao Anexo II, cuberto e asinado, e os correspondentes ao resto da documentación que deba engadir.**

3.- O apartado do Anexo I “DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA” serve como declaración da documentación que acompaña á solicitude.

Será de obrigada presentación para todas as persoas solicitantes, xunto á propia solicitude (Anexo I), a seguinte documentación:

- Anexo II.
- Certificación de matrícula curso 2017-2018.
- Certificación das cualificacións de todas as áreas ou materias cursadas no ano académico 2016-2017.
- Copia do libro de familia ou copia da xustificación da titoría legal e documentación acreditativa do número de membros da unidade familiar.

A presentación do resto da documentación relacionada dependerá das circunstancias particulares (alegacións sobre familia numerosa, certificación de discapacidade, etc.) ou das condicións de autorización de verificación (copia do DNI ou do NIE, etc.).

4.- Anexo II:

Deberá ser asinado polo cónxuxe ou persoa de similar condición da persoa que asinou o Anexo I (solicitude) e, no seu caso, pola persoa **maior de idade**,



distinta á persoa representante, da que se tivera alegado discapacidade ou pensionista de grande invalidez.

Importante: teña en conta que, de marcar cun “x” os cadros, significa **non dar autorización** (e a obriga de presentar a documentación correspondente). A autorización entenderase deixando os cadros en branco e asinando no lugar correspondente.

- A primeira autorización (1) corresponde á necesidade da Administración de ter constancia dos ingresos familiares correspondentes ao ano 2016. No caso de non conceder esta autorización, deberá achegarse certificación deses ingresos, emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- A segunda autorización (2) corresponde á necesidade da Administración de ter constancia da non existencia de débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. No caso de non conceder autorización, deberá achegarse a certificación correspondente.
- A terceira autorización (3) corresponde á verificación de identidade (a través dos datos de DNI, NIE). No caso de non conceder autorización, deberá achegarse copia do documento correspondente.
- A cuarta autorización (4) corresponde á necesidade da Administración de ter constancia con respecto á existencia ou non de débedas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social. No caso de non conceder autorización, deberá achegarse certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, acreditando non ter débedas pendentes.
- A quinta autorización (5) corresponde á necesidade da Administración de ter constancia con respecto á existencia ou non de débedas coa facenda da Xunta de Galicia. No caso de non conceder autorización, deberá achegarse certificación da Axencia Tributaria de Galicia, acreditando non ter débedas pendentes.
- A sexta autorización (6) autoriza á Administración para consultar os datos de discapacidade, sempre que obren poder da Administración Autonómica. No caso de non conceder autorización ou corresponda a outra Administración, deberá achegarse a certificación correspondente.
- A sétima autorización (7) só deberá ser cuberta e asinada nos caos de alegar **pensionista de grande invalidez** e facultará á Administración para consultar os datos de prestacións sociais públicas que obran en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social. No caso de non conceder autorización, deberá achegarse a certificación correspondente